

Convocatoria de subvencións dirixidas a familias con menores ingresos económicos, para material escolar curso 2016/2017, referidas ao programa EMERXENDO VI financiado con axudas concedidas pola Diputación Provincial da Coruña

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro.-Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das devanditas subvencións as persoas físicas que sexan pais, nais ou titores dun ou varios menores que se matriculen para cursar estudos escolares de Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria en colexios do termo municipal no curso escolar 2016/2017, que estean empadroados no Concello de Valdoviño e que cumpran os requisitos que se establecen na base reguladora terceira.

Segundo.-Finalidade

Financiar parte do gasto no que incurren as familias con menos ingresos e que deriva da adquisición do material escolar necesario como consecuencia da escolarización de menores nos niveis de educación infantil, primaria e secundaria.

Terceiro.-Bases Reguladoras.

As aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local en data 28 de abril de 2016, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 116 de data 20.06.2016.

Cuarto.-Importe

Como máximo 6.000 €, importe que figura consignado na aplicación presupuestaria 231/48000, referido ao proxecto de gasto denominado Emerxendo VI, gasto que conta con financiamento afectado outorgada pola Diputación Provincial da Coruña.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

En Valdoviño, 30 de xuño de 2016

O Alcalde;

Fdo: Alberto González Fernández